



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CSARG02	Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1417	Materiais de produción gráfica	2025/2026	0	133	0
MP1417_22	Xestión do aprovisionamento e da almacenaxe dos materiais de produción	2025/2026	0	33	0
MP1417_12	Identificación e caracterización dos materiais de produción gráfica	2025/2026	0	100	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CELIA MARÍA LÓPEZ SOTO,SARA CALVETE LORENZO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1417_22) RA1 - Identifica os materiais e os provedores máis adecuados, e documenta os datos e as fichas necesarias
(MP1417_12) RA1 - Caracteriza os soportes de impresión, para o que analiza a compatibilidade co produto gráfico e demais materiais
(MP1417_22) RA2 - Xestiona o aprovisionamento dos materiais, especificando datos e información
(MP1417_12) RA2 - Establece as características das formas impresoras, tintas, vernices e colas, e deduce a compatibilidade cos demais materiais e co traballo gráfico
(MP1417_12) RA3 - Determina os tratamentos superficiais que se lles deben aplicar aos materiais, e define as operacións e a secuencia do proceso
(MP1417_22) RA3 - Planifica as condicións de almacenamento dos materiais de produción, e deseña a organización e as condicións óptimas de conservación
(MP1417_12) RA4 - Valora o cumprimento dos criterios de calidade dos materiais, comprobando as súas características

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_22) CA1.1 Identifícanse os materiais segundo a súa función, a frecuencia e o proveedor
(MP1417_12) CA1.1 Avaliáronse as necesidades físicas e funcionais dos soportes de impresión en relación coa estrutura final do produto gráfico definido no proxecto
(MP1417_22) CA1.2 Rexistráronse os materiais nunha base de datos que facilite a accesibilidade e a localización dos produtos, con indicación dos homologados
(MP1417_12) CA1.2 Determináronse as características básicas do soporte
(MP1417_22) CA1.3 Arquiváronse e avaliáronse as fichas técnicas dos materiais con claridade, de xeito que se permita a súa localización e o seu uso en condicións de seguridade
(MP1417_12) CA1.3 Avaliáronse os aspectos estratéxicos do produto gráfico que determinan a selección do material de soporte



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_22) CA1.4 Clasificáronse os materiais agrupándoos segundo a súa natureza, a súa función no proceso e as súas calidades
(MP1417_12) CA1.4 Determináronse as características do soporte que respondan ás necesidades estéticas do proxecto
(MP1417_22) CA1.5 Seleccionáronse os provedores que cumpran as exigencias de certificación requiridas
(MP1417_12) CA1.5 Seleccionouse o tipo de soporte para as probas de preimpresión simulando o produto final, atendendo a criterios definidos por provedores, aos tamaños normalizados e ás limitacións dos equipamentos
(MP1417_22) CA1.6 Realizouse o arquivamento dos materiais, establecendo o seu código de xeito que se manteña unha relación lóxica coa súa especificación e coa súa clasificación
(MP1417_12) CA1.6 Determináronse os requisitos técnicos do soporte canto a resistencias químicas e mecánicas
(MP1417_22) CA1.7 Conformáronse os catálogos de materiais, estruturando os datos sobre especificación, clasificación e codificación de materiais, seguindo un ordenamento lóxico que facilite a súa consulta e a súa actualización
(MP1417_12) CA1.7 Determinouse a cantidade e o formato dos soportes non normalizados para permitir a optimización do material
(MP1417_12) CA1.8 Identificouse o soporte nun mostrario e analizáronse as súas características en relación coa súa composición e os seus acabamentos
(MP1417_22) CA2.1 Elaboráronse as especificacións dos pedidos de compras, incluíndo datos sobre materiais, volumes de compras e estimacións de cantidades e prezos, para realizar a xestión do aprovisionamento
(MP1417_12) CA2.1 Analizáronse os datos do produto gráfico que cumpra producir, os exemplares que haxa que imprimir e a calidade de impresión requirida, en relación coa forma impresora
(MP1417_22) CA2.2 Actualizouse a información sobre compras e existencias, e interpretouse en relación co proceso gráfico
(MP1417_12) CA2.2 Seleccionáronse os vernices, os aditivos e as tintas, tendo en conta o tipo de soporte que se vaia imprimir, a compatibilidade entre eles e os requisitos de calidade
(MP1417_22) CA2.3 Xestionouse o consumo de materiais segundo as condicións de utilización, o sistema de impresión e o proceso de acabado, mantendo un adecuado nivel de existencias
(MP1417_12) CA2.3 Cubríronse e actualizáronse os documentos de especificacións das tintas e dos vernices, recollendo as características físicas e químicas, e o seu comportamento
(MP1417_22) CA2.4 Reflectiuse nos documentos de rexistro a situación de pedidos, existencias de inventarios, suma de adquisicións efectuadas clasificadas, e demais información que posibiliba a adopción de decisións operativas
(MP1417_12) CA2.4 Definíronse as características das tintas e dos vernices mediante ensaios fisicoquímicos, atendendo á normativa sobre utilización de materiais en contacto con alimentos
(MP1417_22) CA2.5 Asignouse o destino das materias primas na recepción de materiais, e informouse o departamento de produción



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_12) CA2.5 Establecéronse as características técnicas dos materiais e as exigencias da certificación requirida
(MP1417_22) CA2.6 Proxectouse o consumo de ligantes e adhesivos, con valoración do histórico de producións ou análise dos ensaios previos
(MP1417_12) CA2.6 Definíronse as propiedades ligantes e de secado das colas e dos adhesivos, atendendo ás características dos soportes, á compatibilidade e ás necesidades de produción
(MP1417_12) CA2.7 Definíronse as características fisicoquímicas mediante a adición de produtos auxiliares, para mellorar a súa funcionalidade e o seu rendemento
(MP1417_12) CA2.8 Cubriuse o documento de especificacións e o rexistro de fichas técnicas de xeito que se garanta a identificación das colas e dos adhesivos mediante a correcta etiquetaxe dos produtos
(MP1417_22) CA3.1 Definíronse as condicións de recepción, almacenamento e distribución dos materiais, de acordo coas normas técnicas, de seguridade, de saúde e de protección ambiental
(MP1417_12) CA3.1 Analizáronse os aspectos estéticos do proxecto en relación ao tratamento superficial que cumpra aplicar
(MP1417_22) CA3.2 Deseñouse o rexistro dos ingresos de material gráfico ao almacén, no que consten data de entrega, provedor e probas de inspección
(MP1417_12) CA3.2 Determináronse as necesidades fisicoquímicas do produto gráfico, en relación ao tratamento superficial que haxa que aplicar
(MP1417_22) CA3.3 Planificouse o almacenamento do material, tendo en conta o tipo de material, a dimensión, a situación e as condicións das instalacións, os medios de acceso e os equipamentos necesarios para o traslado de materiais
(MP1417_12) CA3.3 Deducíronse os tratamentos superficiais máis adecuados ao material que se vaia tratar
(MP1417_22) CA3.4 Deseñouse a organización dos materiais no almacén e os fluxos de entrada e saída optimizados
(MP1417_12) CA3.4 Realizouse a selección de tratamento de vernizado e o tipo de material de laminado
(MP1417_22) CA3.5 Establecéronse as condicións óptimas de conservación das materias primas, definindo a temperatura, a humidade e os seus rangos, así como as condicións de ventilación e iluminación dos materiais gráficos
(MP1417_12) CA3.5 Proxectáronse os tratamentos superficiais dos materiais que vaian estar en contacto con produtos alimentarios, consonte a normativa
(MP1417_22) CA3.6 Realizáronse os rexistros dos resultados da inspección das propiedades críticas periodicamente
(MP1417_12) CA3.6 Programáronse as operacións do proceso, asegurando a dispoñibilidade de materiais e da calidade requirida
(MP1417_12) CA4.1 Analizáronse os procedementos de calidade establecidos pola empresa en relación ao control dos materiais



Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_12) CA4.2 Seleccionáronse as mostras que se deben controlar de cada lote de material, seguindo as instrucións especificadas nos procedementos de calidade
(MP1417_12) CA4.3 Preparáronse os equipamentos de medición e ensaio segundo as instrucións definidas nos procedementos de calidade
(MP1417_12) CA4.4 Realizáronse coa periodicidade establecida os ensaios dos materiais de produción, seguindo as instrucións dos procedementos de calidade, e rexistráronse as medicións nas fichas correspondentes
(MP1417_12) CA4.5 Comparáronse os valores obtidos nos ensaios cos estándares de referencia
(MP1417_12) CA4.6 Comunicáronse á persoa responsable de calidade os materiais cuxas variables estean fóra das marxes de tolerancia, e achegouse ficha de ensaios

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1417_22) RA1 - Identifica os materiais e os provedores máis adecuados, e documenta os datos e as fichas necesarias
(MP1417_12) RA1 - Caracteriza os soportes de impresión, para o que analiza a compatibilidade co produto gráfico e demais materiais
(MP1417_22) RA2 - Xestiona o aprovisionamento dos materiais, especificando datos e información
(MP1417_12) RA2 - Establece as características das formas impresoras, tintas, vernices e colas, e deduce a compatibilidade cos demais materiais e co traballo gráfico
(MP1417_12) RA3 - Determina os tratamentos superficiais que se lles deben aplicar aos materiais, e define as operacións e a secuencia do proceso
(MP1417_22) RA3 - Planifica as condicións de almacenamento dos materiais de produción, e diseña a organización e as condicións óptimas de conservación
(MP1417_12) RA4 - Valora o cumprimento dos criterios de calidade dos materiais, comprobando as súas características

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_22) CA1.1 Identificáronse os materiais segundo a súa función, a frecuencia e o proveedor



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_12) CA1.1 Avaliáronse as necesidades físicas e funcionais dos soportes de impresión en relación coa estrutura final do produto gráfico definido no proxecto
(MP1417_22) CA1.2 Rexistráronse os materiais nunha base de datos que facilite a accesibilidade e a localización dos produtos, con indicación dos homologados
(MP1417_12) CA1.2 Determináronse as características básicas do soporte
(MP1417_22) CA1.3 Arquiváronse e avaliáronse as fichas técnicas dos materiais con claridade, de xeito que se permita a súa localización e o seu uso en condicións de seguridade
(MP1417_12) CA1.3 Avaliáronse os aspectos estratéxicos do produto gráfico que determinan a selección do material de soporte
(MP1417_22) CA1.4 Clasificáronse os materiais agrupándoos segundo a súa natureza, a súa función no proceso e as súas calidades
(MP1417_12) CA1.4 Determináronse as características do soporte que respondan ás necesidades estéticas do proxecto
(MP1417_22) CA1.5 Seleccionáronse os provedores que cumpran as exigencias de certificación requiridas
(MP1417_12) CA1.5 Seleccionouse o tipo de soporte para as probas de preimpresión simulando o produto final, atendendo a criterios definidos por provedores, aos tamaños normalizados e ás limitacións dos equipamentos
(MP1417_22) CA1.6 Realizouse o arquivamento dos materiais, establecendo o seu código de xeito que se manteña unha relación lóxica coa súa especificación e coa súa clasificación
(MP1417_12) CA1.6 Determináronse os requisitos técnicos do soporte canto a resistencias químicas e mecánicas
(MP1417_22) CA1.7 Conformáronse os catálogos de materiais, estruturando os datos sobre especificación, clasificación e codificación de materiais, seguindo un ordenamento lóxico que facilite a súa consulta e a súa actualización
(MP1417_12) CA1.7 Determinouse a cantidade e o formato dos soportes non normalizados para permitir a optimización do material
(MP1417_12) CA1.8 Identificouse o soporte nun mostrario e analizáronse as súas características en relación coa súa composición e os seus acabamentos
(MP1417_22) CA2.1 Elaboráronse as especificacións dos pedidos de compras, incluíndo datos sobre materiais, volumes de compras e estimacións de cantidades e prezos, para realizar a xestión do aprovisionamento
(MP1417_12) CA2.1 Analizáronse os datos do produto gráfico que cumpra producir, os exemplares que haxa que imprimir e a calidade de impresión requirida, en relación coa forma impresora
(MP1417_22) CA2.2 Actualizouse a información sobre compras e existencias, e interpretouse en relación co proceso gráfico
(MP1417_12) CA2.2 Seleccionáronse os vernices, os aditivos e as tintas, tendo en conta o tipo de soporte que se vaia imprimir, a compatibilidade entre eles e os requisitos de calidade



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_22) CA2.3 Xestionouse o consumo de materiais segundo as condicións de utilización, o sistema de impresión e o proceso de acabado, mantendo un adecuado nivel de existencias
(MP1417_12) CA2.3 Cubríronse e actualizáronse os documentos de especificacións das tintas e dos vernices, recollendo as características físicas e químicas, e o seu comportamento
(MP1417_22) CA2.4 Reflectiuse nos documentos de rexistro a situación de pedidos, existencias de inventarios, suma de adquisicións efectuadas clasificadas, e demais información que posibilite a adopción de decisións operativas
(MP1417_12) CA2.4 Definíronse as características das tintas e dos vernices mediante ensaios fisicoquímicos, atendendo á normativa sobre utilización de materiais en contacto con alimentos
(MP1417_22) CA2.5 Asignouse o destino das materias primas na recepción de materiais, e informouse o departamento de produción
(MP1417_12) CA2.5 Establecéronse as características técnicas dos materiais e as exixencias da certificación requirida
(MP1417_22) CA2.6 Proxectouse o consumo de ligantes e adhesivos, con valoración do histórico de producións ou análise dos ensaios previos
(MP1417_12) CA2.6 Definíronse as propiedades ligantes e de secado das colas e dos adhesivos, atendendo ás características dos soportes, á compatibilidade e ás necesidades de produción
(MP1417_12) CA2.7 Definíronse as características fisicoquímicas mediante a adición de produtos auxiliares, para mellorar a súa funcionalidade e o seu rendemento
(MP1417_12) CA2.8 Cubriuse o documento de especificacións e o rexistro de fichas técnicas de xeito que se garanta a identificación das colas e dos adhesivos mediante a correcta etiquetaxe dos produtos
(MP1417_22) CA3.1 Definíronse as condicións de recepción, almacenamento e distribución dos materiais, de acordo coas normas técnicas, de seguridade, de saúde e de protección ambiental
(MP1417_12) CA3.1 Analizáronse os aspectos estéticos do proxecto en relación ao tratamento superficial que cumpra aplicar
(MP1417_22) CA3.2 Deseñouse o rexistro dos ingresos de material gráfico ao almacén, no que consten data de entrega, proveedor e probas de inspección
(MP1417_12) CA3.2 Determináronse as necesidades fisicoquímicas do produto gráfico, en relación ao tratamento superficial que haxa que aplicar
(MP1417_22) CA3.3 Planificouse o almacenamento do material, tendo en conta o tipo de material, a dimensión, a situación e as condicións das instalacións, os medios de acceso e os equipamentos necesarios para o traslado de materiais
(MP1417_12) CA3.3 Deducíronse os tratamentos superficiais máis adecuados ao material que se vaia tratar
(MP1417_22) CA3.4 Deseñouse a organización dos materiais no almacén e os fluxos de entrada e saída optimizados
(MP1417_12) CA3.4 Realizouse a selección de tratamento de vernizado e o tipo de material de laminado



Criterios de avaliación do currículo
(MP1417_22) CA3.5 Establecéronse as condicións óptimas de conservación das materias primas, definindo a temperatura, a humidade e os seus rangos, así como as condicións de ventilación e iluminación dos materiais gráficos
(MP1417_12) CA3.5 Proxectáronse os tratamentos superficiais dos materiais que vaian estar en contacto con produtos alimentarios, consonte a normativa
(MP1417_22) CA3.6 Realizáronse os rexistros dos resultados da inspección das propiedades críticas periodicamente
(MP1417_12) CA3.6 Programáronse as operacións do proceso, asegurando a dispoñibilidade de materiais e da calidade requirida
(MP1417_12) CA4.1 Analizáronse os procedementos de calidade establecidos pola empresa en relación ao control dos materiais
(MP1417_12) CA4.2 Seleccionáronse as mostras que se deben controlar de cada lote de material, seguindo as instrucións especificadas nos procedementos de calidade
(MP1417_12) CA4.3 Preparáronse os equipamentos de medición e ensaio segundo as instrucións definidas nos procedementos de calidade
(MP1417_12) CA4.4 Realizáronse coa periodicidade establecida os ensaios dos materiais de produción, seguindo as instrucións dos procedementos de calidade, e rexistráronse as medicións nas fichas correspondentes
(MP1417_12) CA4.5 Comparáronse os valores obtidos nos ensaios cos estándares de referencia
(MP1417_12) CA4.6 Comunicáronse á persoa responsable de calidade os materiais cuxas variables estean fóra das marxes de tolerancia, e achegouse ficha de ensaios

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, pola persoa aspirante, ante o profesor ou a profesora do correspondente módulo:

- Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.
- Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.



O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte daproba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Tódolos criterios de avaliación son mínimos exixibles. Os bloques de contidos e contidos aos que se refiren os criterios de avaliación relacionados nos apartado anterior e clasificados dentro da unidade formativa correspondente son:

Unidade formativa 1: Identificación e caracterización dos materiais de produción gráfica

BC1. Caracterización dos soportes de impresión

- Produtos gráficos: clasificación; características físicas, estruturais e de resistencia.
- Produtos gráficos: características estéticas e de acabado.
- Características básicas dos soportes de impresión.
- Componentes dos soportes.
- Clasificación dos soportes.
- Formatos normalizados e comerciais dos soportes.
- Necesidades estruturais dos soportes.
- Determinación da gramaxe, os acabamentos e a cor.
- Soportes para as probas.
- Propiedades de resistencia química e mecánica dos soportes.
- Operacións de encadernación e acabado do produto gráfico.
- Elección e cálculo de soportes de impresión.

BC2. Establecemento das características das formas impresoras, tintas, vernices e colas



- Tintas: clasificación; compoñentes.
- Características das tintas e sistemas de secado.
- Normativa relacionada coas tintas.
- Funcionamento e transferencia de tinta das formas impresoras.
- Forma offset, forma flexográfica e forma serigráfica: clases, partes, características e formatos. Comportamento das tintas na impresión.
- Vernices e aditivos. Aditivos e acondicionamento dos vernices.
- Ensaio e normativa para determinar as características da tinta. Instrumentación e equipamentos de medición das características das tintas. Preparación das tintas para a impresión.
- Adhesivos: clasificación; compoñentes.
- Estrutura e clasificación das propiedades dos adhesivos.
- Proceso de preparación dos adhesivos e das colas.
- Normativa relacionada con adhesivos.
- Normativa relacionada con materiais en contacto con alimentos.

BC3. Determinación dos tratamentos superficiais dos materiais

- Resistencia dos soportes á luz, á humidade, ás graxas, aos álcalis, aos ácidos e aos alcohois.
- Tratamentos superficiais na industria gráfica.
- Vernizadura: tipos, características e sistema de secado. Parafinaxe: equipamentos e procedemento de aplicación
- Laminación: equipamentos e procedemento de aplicación.
- Normativa relacionada con envases de alimentos.

BC4. Valoración do cumprimento dos criterios de calidade dos materiais

- Procedementos e instrucións de traballo. Protocolos de medición e notación.
- Manual de calidade: ensaios e equipamentos; instrumentación e calibración.
- Selección de mostras: métodos de mostraxe. Representatividade das mostras.
- Rexistro das mostras.
- Equipamentos de medición das características dos soportes, das tintas e os vernices, e das características dos adhesivos.
- Proceso de calibración e mantemento.
- Certificación dos equipamentos de medida.
- Normas sobre soportes, tintas, vernices e colas para a industria gráfica.

Unidade formativa 2: Xestión do aprovisionamento e da almacenaxe dos materiais de produción



BC1. Identificación dos materiais e provedores

- Fichas técnicas ou follas de datos dos materiais.
- Sistemas de clasificación de materiais gráficos.
- Sistemas de selección de provedores.
- Creación de catálogos de materiais utilizados.

BC2. Xestión do aprovisionamento dos materiais

- Aprovisionamento de materiais.
- Realización de pedidos.
- Prazos de entrega.
- Sistemas de entrega.
- Materiais en almacén: existencias, control e rotación.
- Sistemas de información sobre compras e almacén.
- Programación e cálculo do consumo de materiais.

BC3. Planificación das condicións de almacenamento dos materiais de produción

- Sistemas de almacenamento de soportes de impresión: pregos e bobinas.
- Sistemas de almacenamento das tintas, vernices e colas.
- Conservación dos soportes papeleiros e dos soportes plásticos.
- Conservación das tintas e os vernices, e das colas.
- Control de variables: temperatura, iluminación, ventilación e humidade.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita que se puntuará de 0 a 10, e terá un máximo de 50 preguntas (cortas, test e/ou de desenrolar). O tempo total adxudicado para a realización da proba é de 60 minutos.

Para superar esta primeira parte da proba, o/a aspirante debe acadar un mínimo de 5 puntos .



* A/o aspirante acudirá a esta proba provisto do seu D.N.I., calculadora e bolígrafo cor negra ou azul.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na resolución de un máximo de 5 supostos prácticos. Como máximo dous destes supostos prácticos, realizaranse co material e aparellos do laboratorio de Artes gráficas do centro educativo, se así se considera oportuno.

Asignándose un tempo de 120 minutos para a totalidade da proba.

A proba se puntuará de 0 a 10 e para superar esta segunda proba debe acadarse un mínimo de 5 puntos.

*A/o aspirante acudirá a esta proba provisto de D.N.I., calculadora e bolígrafo de cor azul ou negra.